

Concello	Cód. cent.	Nome centro	Familia profesional	Cód. ensi.	Ciclo formativo	Cód. mód.	Módulo
Sanxenxo	36019256	IES de Vilalonga	Administración	CM04001	Xestión administrativa	CM0068	Xestión administrativa de compra-venta
Sanxenxo	36019256	IES de Vilalonga	Administración	CM04001	Xestión administrativa	CM0069	Xestión administrativa de persoal
Sanxenxo	36019256	IES de Vilalonga	Administración	CS04001	Administración e finanzas	CS0054	Aplicacións informáticas e operativa de teclados
Sanxenxo	36019256	IES de Vilalonga	Administración	CS04001	Administración e finanzas	CS0057	Contabilidade e fiscalidade
Sanxenxo	36019256	IES de Vilalonga	Administración	CS04001	Administración e finanzas	CS0068	Recursos humanos
Sanxenxo	36019256	IES de Vilalonga	Administración	CS04001	Administración e finanzas	CS0071	Xestión de aprovisionamento
Tui	36014544	IES Francisco Sánchez	Comercio e márketing	CM06001	Comercio	CM0084	Administración e xestión dun pequeno establecemento comercial
Tui	36014544	IES Francisco Sánchez	Comercio e márketing	CM06001	Comercio	CS0087	Aplicacións informáticas de propósito xeral
Tui	36014544	IES Francisco Sánchez	Comercio e márketing	CM06001	Comercio	CM0089	Operacións de almacenaxe
Tui	36014544	IES Francisco Sánchez	Electricidade e electrónica	CM09002	Equipamentos e instalacións electrotécnicas	CM0121	Automatismos e cadros eléctricos
Tui	36014544	IES Francisco Sánchez	Electricidade e electrónica	CM09002	Equipamentos e instalacións electrotécnicas	CM0134	Instalacións eléctricas de interior
Vigo	36024525	Centro Nacional de Formación Ocupacional de Coia	Mantemento e servizos á produción	CS17002	Mantemento de equipamento industrial	CS0367	Calidade no mantemento e montaxe de equipamentos e instalacións
Vigo	36024525	Centro Nacional de Formación Ocupacional de Coia	Mantemento e servizos á produción	CS17002	Mantemento de equipamento industrial	CS0372	Formación en centros de traballo
Vigo	36024525	Centro Nacional de Formación Ocupacional de Coia	Mantemento e servizos á produción	CS17002	Mantemento de equipamento industrial	CS0378	Montaxe e mantemento de sistemas automáticos de produción
Vigo	36024525	Centro Nacional de Formación Ocupacional de Coia	Mantemento e servizos á produción	CS17002	Mantemento de equipamento industrial	CS0381	Montaxe e mantemento dos sistemas hidráulico e pneumático
Vigo	36024525	Centro Nacional de Formación Ocupacional de Coia	Mantemento e servizos á produción	CS17002	Mantemento de equipamento industrial	CS0384	Procesos e xestión do mantemento
Vigo	36024525	Centro Nacional de Formación Ocupacional de Coia	Mantemento e servizos á produción	CS17002	Mantemento de equipamento industrial	CS0389	Proxectos de modificación do equipamento industrial
Vigo	36017430	IES Ricardo Mella	Sanidade	CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	CM0311	Técnicas de axuda odontolóxica/es-tomatolóxica
Vigo	36017430	IES Ricardo Mella	Administración	CS04001	Administración e finanzas	CS0057	Contabilidade e fiscalidade
Vilagareña de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CM04001	Xestión administrativa	CM0064	Contabilidade xeral e tesouraría
Vilagareña de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CM04001	Xestión administrativa	CM0067	Produtos e servizos financeiros e de seguros básicos
Vilagareña de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CM04001	Xestión administrativa	CM0068	Xestión administrativa de compra-venta
Vilagareña de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CM04001	Xestión administrativa	CM0069	Xestión administrativa de persoal
Vilagareña de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0FOL	Formación e orientación laboral
Vilagareña de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0308	Fundamentos de programación
Vilagareña de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0309	Implantación de aplicacións informáticas de xestión

Orde do 13 de maio de 2005 pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2005-2006.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (BOE do 4 de xullo) establece, no seu artigo 1, que todos os españois teñen dereito a unha educación básica que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade.

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 24 de decembro) dispón, no seu artigo 9, que o ensino básico comprende a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria, establecendo, así mesmo, o seu carácter obrigatoriedade e gratuítos.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Mediante o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo (BOE do 18 de agosto), procedeuse ao traspaso das funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adquiriu o compromiso ante a sociedade de iniciar, no ano 2003, un proceso que camiñe cara á gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio e nos centros sostidos con fondos públicos, cos seguintes obxectivos:

a) Enmarcarse dentro do principio de gratuidade nas etapas obrigatorias, como un servizo fundamental á sociedade por parte dos poderes públicos.

b) Favorecer a igualdade de oportunidades, de xeito que o alumnado da nosa comunidade autónoma poida ter acceso á principal ferramenta pedagóxica que se utiliza na aprendizaxe, que son os libros de texto.

c) Inculcar no alumnado valores de solidariedade, de conservación do material para a súa reutilización por outros e de coidado do ben colectivo como propio.

Con esta finalidade publicáronse as ordes do 6 de xuño de 2003 (DOG do 12 de xuño) e do 8 de xuño de 2004 (DOG do 10 de xuño), pola que se implantaba o programa de gratuidade de libros de texto, de xeito experimental, nos cursos escolares 2003/2004 e 2004/2005 en 6º curso de educación primaria e en 2º curso de educación secundaria obrigatoria, respectivamente.

Á vista da experiencia acumulada durante estes dous primeiros cursos de implantación, resulta recomendable introducir algunhas modificacións que permitan optimizar a aplicación e o desenvolvemento do programa, mantendo o seu carácter experimental.

De acordo co indicado con anterioridade, esta consellería dispón a implantación progresiva do programa de gratuidade de libros de texto, a través do réxime de préstamo, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, e con criterios educativos e de organización que permitan un axeitado funcionamento deste servizo educativo.

En exercicio das competencias atribuídas no Decreto 454/2003, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 19 de xaneiro de 2004), esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten por finalidade regular o programa de gratuidade de libros de texto que se desenvolverá no curso escolar 2005/2006.

2. O programa de gratuidade será de aplicación a todos os centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para que faciliten ao alumnado de ensino obrigatorio, mediante o sistema de préstamo, os libros de texto das distintas áreas do currículo establecidas para os cursos que se citan no punto terceiro desta orde, de acordo coas áreas que curse cada alumno.

3. Non se inclúen no programa de gratuidade aqueles libros que, por diversas circunstancias, non poidan ser reutilizados polos alumnos durante catro cursos escolares, nin outros materiais tales como cadernos de idiomas, cadernos de exercicios ou libros nos que se escriba, pinte ou recorte. Tampouco poderán adquirirse con cargo ao programa dicionarios, atlas, libros de titoría e outros materiais similares.

Segundo.-Beneficiarios.

Serán beneficiarios do programa todos os alumnos que cursen o ensino obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o previsto no punto terceiro desta orde.

Terceiro.-Implantación do programa no curso escolar 2005/2006.

No curso escolar 2005/2006 implantarase o programa de gratuidade de libros de texto, de xeito experimental, en 3º e 4º curso de educación primaria e procederase á reposición dos libros de texto de 6º curso de educación primaria e de 2º curso de edu-

cación secundaria obrigatoria naqueles centros acollidos ao programa nas convocatorias do curso 2003/2004 e 2004/2005, respectivamente.

Cuarto.-Adhesión e renuncia ao programa.

1. Todos os centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan 3º e/ou 4º curso de educación primaria, ou vaian impartilos no curso escolar 2005/2006, enténdense adheridos a este programa agás que manifesten expresamente a súa renuncia.

2. Aqueles centros que non se acollan ao programa dispoñen do prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* para comunicar a súa renuncia motivada, segundo o modelo establecido como anexo I a esta orde.

Quinto.-Permanencia dos libros de texto.

A elección dos libros de texto que se van utilizar no programa de gratuidade manterase durante un período mínimo de catro anos e a súa aprobación efectuarase de acordo coa normativa vixente.

Sexto.-Constitución da comisión de seguimento.

Cada centro educativo incorporará ao seu regulamento de réxime interior os criterios básicos para o funcionamento deste programa. No seo do Consello escolar de cada centro poderá, así mesmo, constituírse unha comisión de seguimento, integrada por representantes de distintos sectores da comunidade educativa, coa finalidade de coordinar todas as actuacións necesarias para o desenvolvemento do programa.

Sétimo.-Importe da subvención.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria subvencionará os libros de texto nas seguintes contías máximas por alumno acollido ao programa e curso:

-3º curso de educación primaria: 135 euros.

-4º curso de educación primaria: 135 euros.

-Reposición por deterioración dos libros de 6º de educación primaria: 10 euros.

-Reposición por deterioración de 2º de educación secundaria obrigatoria: 15 euros.

-Reposición por incremento de alumnado de 6º de educación primaria: 140 euros.

-Reposición por incremento de alumnado de 2º de educación secundaria obrigatoria: 205 euros.

Non obstante, nos centros que estean acollidos ao programa en 6º de educación primaria e en 2º de educación secundaria obrigatoria a limitación de reposición por deterioración será conxunta, é dicir, poderá repoñerse un maior importe que o previsto en calquera dos dous cursos sempre e cando se repoña menos no outro e a suma da reposición por deterioración de ambos os dous cursos non supere a suma dos límites máximos establecidos.

Oitavo.-Procedemento para a adquisición dos libros de texto de 3º e 4º curso de educación primaria.

Para a adquisición dos libros de texto de 3º e 4º curso de educación primaria seguirase o seguinte procedemento:

a) Entrega da autorización para a adquisición dos libros de texto.

Durante o mes de xuño os centros adheridos ao programa facilitaránlle ao alumnado os impresos orixinais para a adquisición dos libros de texto, por duplicado, segundo o modelo establecido como anexo II a esta orde. Nestes anexos faranse constar unicamente os libros de texto que necesite cada alumno de acordo coas áreas do currículo nas que vaia estar matriculado no curso escolar 2005/2006.

b) Adquisición dos libros de texto nas librarías.

Os pais, nais ou titores legais e ordinarios, así como as persoas ou institucións que teñan a garda e protección dos menores deberán presentar, na librería da comunidade autónoma que libremente decidan, os dous exemplares orixinais do anexo II, debidamente asinados por eles.

Se a librería entrega os libros no centro quedarase cos dous exemplares do anexo II.

No caso de que a librería non entregue os libros no centro quedará en posesión de un dos exemplares e o outro será devolto ás familias, coa sinatura e o selo da librería, xunto cos libros de texto.

c) Entrega dos libros de texto nos centros.

As librarías que se comprometeran a levar os libros aos centros, deberán entregalos entre o 1 e o 5 de setembro no centro, xunto cun exemplar do anexo II de cada un dos alumnos.

Os pais, nais ou titores que adquiriran os libros en librarías que non entreguen os libros no centro, deberán entregalos eles, xunto co exemplar do anexo II que lle devolveu a librería asinado, no mesmo prazo que as librarías, é dicir, entre o 1 e o 5 de setembro.

Unha vez recibidos os libros de texto o centro procederá ao seu inventario e identificación.

d) Entrega das facturas por parte das librarías nos centros.

O prazo para que as librarías entreguen as facturas nos centros remata o 30 de setembro.

Quedarán baixo a custodia da secretaría dos centros, á disposición dos órganos de fiscalización e control competentes, os anexos II, as facturas orixinais e os xustificantes de pagamento, así como calquera outra documentación que derive da aplicación do establecido nesta orde.

Noveno.-Procedemento para a reposición dos libros de 6º curso de educación primaria e de 2º curso de educación secundaria obrigatoria.

1. Os centros adheridos ao programa no curso escolar 2003/2004 e 2004/2005 poderán repórter os exemplares de libros de texto de 6º curso de educación primaria e de 2º curso de educación secundaria obri-

gatoria que sexan necesarios para o curso escolar 2005/2006, como consecuencia de:

a) Incremento do número de alumnos acollidos ao programa neste nivel educativo con respecto aos acollidos no/s curso/s anterior/es.

b) Exemplares que, debido ao seu grao de deterioración, non poidan ser utilizados polos alumnos no curso escolar 2005/2006, sempre que esta deterioración non sexa imputable ao alumno, coas limitacións establecidas no artigo 7º desta orde.

2. Os exemplares de reposición, incluídos os necesarios para os alumnos que se incorporen ao longo do curso en calquera dos cursos obxecto de gratuidade, serán adquiridos polo director do centro, debendo utilizar o anexo III por duplicado, cubrindo os datos do centro e os dos libros de texto, facendo constar, así mesmo, o número de exemplares de cada área. Un dos exemplares do anexo III deberá ser devolto ao director do centro asinado e selado pola librería e o outro quedará en posesión desta.

3. O prazo para que as librarías presenten as facturas correspondentes á reposición nos centros remata o 30 de setembro.

4. As facturas dos exemplares de reposición, o/s anexo/s III e calquera outra documentación que derive do disposto nesta orde deberán quedar arquivados na secretaría do centro.

Décimo.-Incorporación de novos alumnos ao longo do curso.

A adquisición dos libros de texto para as incorporacións ao centro de novos alumnos que se acollan ao programa, en calquera dos cursos obxecto de gratuidade, e que non se incluían na xustificación inicial, serán tramitadas polo director do centro empregando o anexo III, e segundo o procedemento establecido no punto noveno.2 desta orde e poderán presentarse ata o 31 de marzo de 2006. As solicitudes presentadas despois desta data non serán tramitadas.

Décimo primeiro.-Prazos para a comunicación e a corrección de erros.

1. Unha vez enviada a documentación non se admitirán correccións nos importes comunicados no anexo IV, para a realización dos correspondentes pagamentos.

2. Calquera erro ou omisión detectado con posterioridade poderá ser corrixido, de oficio ou por instancia do centro afectado, e o importe correspondente será aboado no mesmo prazo establecido para a incorporación de novos alumnos ao longo do curso escolar, indicado no punto décimo, ou, de ser o caso, reintegrado, segundo o disposto no punto décimo terceiro.6 desta orde.

Décimo segundo.-Procedemento para o aboamento do importe do programa de gratuidade de libros de texto aos centros.

Os centros acollidos ao programa de gratuidade recibirán, antes do mes de setembro, un anticipo do 80% do importe para o programa de gratuidade de libros de texto, que será estimado de acordo co número de

alumnos matriculados no ano escolar 2004/2005 nos cursos inmediatamente anteriores a aqueles que se implanten por primeira vez ou se repoñan.

Décimo terceiro.-Presentación da xustificación.

1. Os centros elevarán a xustificación, segundo anexo IV, antes do 31 de outubro de 2005, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, Edificio administrativo San Caetano, bloque II, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

2. Os centros concertados poderán presentar a citada documentación en calquera dos rexistros a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro).

3. Se a solicitude fose remitida por correo certificado, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos.

4. Para efectos de cómputo de prazos os rexistros dos centros docentes non son válidos, de conformidade co disposto nos artigos 7 e 16 do Decreto 200/2003, do 20 de marzo, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se procede á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

5. Se o importe xustificado supera o 80% enviado, e sempre coas limitacións dos importes máximos previstos no artigo 7º desta orde, a consellería asignaralle un pagamento complementario pola diferenza entre o ingresado e o importe da adquisición dos libros de texto.

6. No caso de que o importe recibido da consellería fose superior ao xustificado, os centros deberán reintegrar, antes do 31 de outubro de 2005, o importe sobrante na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia nº 2091-0300-47-3110063172, facendo constar no concepto «Devolución programa de gratuidade libros de texto 2005/2006», e xuntar copia compulsada do xustificante da operación co anexo IV (xustificación).

7. A xustificación das novas incorporacións ao longo do curso escolar, segundo o establecido no artigo 10º desta orde, e que non se incluíran na xustificación inicial, poderá presentarse ata o 31 de marzo de 2006, empregando o anexo IV, iniciándose os trámites para o seu pagamento a partir do 1 de abril.

Décimo cuarto.-Alumnos con necesidades educativas específicas.

Co obxecto de incluír no programa de gratuidade aos alumnos que, estando matriculados no curso obxecto de gratuidade, presentan necesidades educativas específicas, poderán adquirirse con cargo a este programa os libros de texto que utilicen estes alumnos, aínda que non se correspondan cos aprobados polo órgano competente do centro para o citado nivel educativo, logo de informe motivado ao respecto

do departamento de orientación ou órgano equivalente dos centros privados concertados, que quedará arquivado na secretaría do centro xunto co resto da documentación do programa. Os importes por alumno non poderán superar os límites por alumno e curso establecidos no artigo 7º desta orde.

Décimo quinto.-Da propiedade e conservación dos libros.

1. O centro ao recibir os libros de texto dos alumnos procederá ao seu inventario, debendo ser convenientemente identificados e conservados, podendo dispoñer deles os alumnos en calidade de préstamo.

2. Concluído o período lectivo os libros de texto serán reintegrados e depositados polos alumnos nos centros, coa finalidade de ser revisados e determinar o seu grao de conservación e a súa posible reutilización durante o curso seguinte, segundo o procedemento establecido polo centro.

3. Se ao longo do curso escolar un alumno se traslada de centro deberá devolver ao centro de orixe os libros de texto. Unha vez que se incorpore ao novo centro o director do centro de destino tramitará a correspondente reposición de libros por incremento de alumnado, segundo o previsto no artigo 10º desta orde.

4. Os alumnos beneficiarios das presentes axudas quedarán obrigados a conservar en perfecto estado os libros de texto entregados e a devolvelos ao centro ao finalizar o período lectivo. Non obstante, os alumnos de 2º de educación secundaria obrigatoria que estean pendentes da realización dos exames de setembro teñen de prazo ata o 8 dese mes para devolver os libros. Se os libros están estragados e a deterioración é imputable directamente ao alumno, o centro requirirá dos pais ou titores que aboan o importe dos libros ou ben os repoñan.

5. O incumprimento destas obrigas quedará suxeito ao establecido no Real decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE do 2 de xuño) e poderá dar lugar á non concesión da correspondente axuda para o curso seguinte.

Décimo sexto.-Financiamento do programa.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará o programa con cargo á aplicación 07.03.323.A.480.0 por importe de 6.356.665,09 euros de seu orzamento de gastos para o ano 2005 e de 317.833,25 euros para o ano 2006.

2. Non obstante, dado o carácter universal da axuda, se o importe establecido no parágrafo anterior non fose suficiente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as medidas necesarias para garantir a gratuidade dos libros para todos os alumnos acollidos ao programa, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

3. Os centros privados concertados recibirán os importes correspondentes, en calidade de entidades colaboradoras, de acordo co establecido nos artigos 28 a 32 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións

públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro) e no artigo 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG do 5 de novembro).

4. Para os efectos do convenio previsto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os centros privados concertados, que actúan como entidades colaboradoras, asinan o anexo IV e asumen todas as obrigas e compromisos establecidos nesta lei, aceptando a consellería esta sinatura.

Décimo sétimo.-Recursos.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

Disposicións adicionais

Primeira.-Materiais curriculares elaborados polos centros.

1. Os centros educativos poderán substituír a adquisición dos libros de texto para unha ou varias áreas por materiais curriculares elaborados polo correspondente departamento do centro, sen superar os límites establecidos no punto sétimo desta orde.

2. O importe destinado á elaboración e posta á disposición dos alumnos destes materiais deberá acreditarse mediante factura que deberá ser arquivada no centro.

3. Estes materiais deberán ser reutilizables polos alumnos durante catro anos ao igual que os libros de texto.

4. A autorización da substitución do libro de texto por materiais curriculares corresponderá ao órgano competente do centro para a aprobación dos libros de texto.

Segunda.-Incompatibilidades.

As axudas concedidas a través do programa de gratuidade de libros de texto establecidas na presente orde serán incompatibles con calquera outra axuda que se conceda para o mesmo fin, comprometéndose os beneficiarios ao reintegro á Administración de calquera outro importe recibido para a mesma finalidade.

Terceira.-Centros privados concertados cun mesmo número de identificación fiscal como centro educativo e como librería.

Aqueles centros privados concertados que estean dados de alta cun mesmo número de identificación fiscal para a actividade docente e como librería poderán acreditar a adquisicións dos libros de texto mediante as facturas emitidas polas editoriais subministradoras dos libros. Neste caso o director do centro engadirá ás correspondentes facturas das editoriais certificación na que se faga constar que os importes destas correspóndense co importe dos libros de texto para o programa de gratuidade. Esta documentación quedará arquivada na secretaría do centro.

Cuarta.-Superación dos importes máximos.

En casos excepcionais, por causas de forza maior e debidamente xustificadas, poderase autorizar a superación dos importes máximos establecidos no artigo 7º desta orde.

Quinta.-Lexislación aplicable.

Para o non previsto nesta orde estarase ao disposto nos artigos 78 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG do 5 de novembro), no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro) e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro).

Disposición transitoria

Única.-Os centros que non se acollan ao programa de gratuidade de libros de texto en 3º e/ou 4º de educación primaria non poderán adherirse nos cursos citados ata que transcorran catro anos desde a súa implantación.

Disposición derogatoria

Única.-Esta orde deixa sen efectos a Orde do 8 de xuño de 2004 pola que se convoca o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2004/2005 (DOG do 10 de xuño).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Atribúese ao director do centro docente e ao seu equipo directivo, no ámbito das súas competencias, as funcións e responsabilidades propias da prestación do programa de gratuidade de libros de texto para que se estenda ao conxunto de alumnos establecidos na presente orde.

Segunda.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para ditar as resolucións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido nesta orde.

Terceira.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

PROCEDEMENTO <i>PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO</i>	DOCUMENTO RENUNCIA
--	------------------------------

CURSO ESCOLAR 2005/2006

DATOS DO CENTRO

DON/DONA			
DIRECTOR/A DO CENTRO			
CÓDIGO DO CENTRO	ENDEREZO		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

RENUNCIA

Este centro comunica a súa non-adhesión ao programa de gratuidade de libros de texto en 3º e/ou 4º de educación primaria, polos motivos que se indican a continuación, comprometéndose a non facer uso do resto dos anexos da orde de convocatoria e a non reclamar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contía ningunha relativa a este programa.

É coñecedor de que, de acordo coa disposición transitoria única desta orde, o centro non poderá adherirse ao programa de gratuidade en 3º e/ou 4º de educación primaria ata que transcorran catro anos desde a súa implantación.

MOTIVOS DA RENUNCIA *

1.
2.
3.
4.
5.

* Débese indicar polo menos un motivo.

LUGAR, DATA, SINATURA E SELO DO CENTRO

_____, ____ de _____ de 2005

O DIRECTOR,

Asdo.: _____

ANEXO IV

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO - CURSO ESCOLAR 2005/2006	DOCUMENTO XUSTIFICACIÓN
---	----------------------------

PRAZO DE PRESENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN: ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2005	PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DE NOVAS INCORPORACIÓNS : ATA O 31 DE MARZO DE 2006
--	---

DATOS DO CENTRO

DON/DONA			
DIRECTOR/A DO CENTRO			
CÓDIGO DO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO

CERTIFICACIÓN

Certifico que os datos indicados a continuación coinciden coa matrícula do centro no nivel educativo que se indica e co nº de alumnos acollidos ao programa de gratuidade de libros de texto durante o curso 2005/2006, e que figuran debidamente arquivados no centro os anexos II, onde consta a aceptación da subvención dos pais titores ou representantes legais dos alumnos, as facturas, os xustificantes de pagamento, así como o resto da documentación requirida pola orde de convocatoria. Así mesmo, certifico que as necesidades de reposición de libros son as que se indican de seguido.

	Nº DE ALUMNOS MATRICULADOS	a) Nº DE ALUMNOS ACOLLIDOS AO PROGRAMA	b) IMPORTE MÁXIMO POR ALUMNO ACOLLIDO	IMPORTE MÁXIMO (a x b)	IMPORTE DAS FACTURAS *
IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA					
3º DE PRIMARIA			135 €		
4º DE PRIMARIA			135 €		
REPOSICIÓN POR DETERIORACIÓN DOS LIBROS					
6º DE PRIMARIA			10 €		
2º DE ESO			15 €		
TOTAL REPOSICIÓN 6º DE PRIMARIA +2º DE ESO					
REPOSICIÓN POR INCREMENTO DE ALUMNADO ACOLLIDO CON RESPECTO AO/S CURSO/S ANTERIORES					
6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA			140 €		
2º DE ESO			205 €		
* Teña en conta que, de acordo coas limitacións establecidas no artigo sétimo da orde de convocatoria non poderá superar os importes da columna "Importe máximo", en cada unha das epígrafes. Para a reposición por deterioración a limitación é conxunta para 6º de primaria e 2º de ESO.			A. IMPORTE TOTAL DAS FACTURAS		
			B. IMPORTE RECIBIDO DA CONSELLERÍA		
			DIFERENZA (B-A)		

NOTAS: 1. Os importes non xustificadas deberán reintegrarse na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia nº 2091-0300-47-3110063172, facendo constar no concepto "Devolución programa de gratuidade libros de texto 2005/2006", e xuntar copia compulsada do xustificante da operación con esta xustificación.

2. Para os efectos do convenio previsto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os centros privados concertados, que actúan como entidades colaboradoras, asinan este anexo e asumen todas as obrigas e compromisos establecidos nesta lei, aceptando a consellería esta sinatura.

LUGAR, DATA, SINATURA E SELO DO CENTRO

_____, ____ de _____ de 200____
O DIRECTOR,

Asdo.: _____